

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 11

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA O Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria de data 28 de febreiro, iniciou expediente de revisión de oficio de acordo plenario de data 27 de novembro de 1992, sobre convenio de cesión para vial de circunvalación suscrito con "Miraflores Vigo, S.A.". O artigo 102.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, advirte que transcurridos tres meses sen que se teña dictado resolución, producirase a caducidade do expediente iniciado.

Ó obxecto de evitar unha finalización anormal do procedemento, procede a convocatoria dunha sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE do Concello Pleno que terá lugar o día 11 de MAIO de 2005, ás ONCE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

- 1.- Ratificación da urxencia da xesión.
- 2.- Proposición de declaración de nulidade do acordo plenario do 27 de novembro de 1992, sobre convenio de cesión para vial de circunvalación suscrito con "Miraflores Vigo, S.A." e determinación das indemnizacións procedentes. Solicitude de dictame preceptivo ó Consello Consultivo de Galicia.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE no salón de Plenos ás ONCE horas do día ONCE DE MAIO, para resolve-los asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

Vigo, 9 de MAIO de 2005

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.